

**BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2009) PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS/ SERVIZOS DE INTERESE XERAL OU SOCIAL NO CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)**

**Primeira. Obxecto.**

As presentes bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de un peón e un monitor/a deportivo/a, conforme co previsto nos artigos 12 e 13 da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora das axudas referidas a Programas de Cooperación 2009 solicitadas polo Concello de Castro de Rei e subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

As bases publicaranse no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web [www.castroderei.com](http://www.castroderei.com).

**Segunda. Características do contrato de traballo.**

Os/as traballadores/as estarán vinculados á entidade solicitante, mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada será completa.

**Terceira. Procedemento de selección.**

O Concello de Castro de Rei presentará unha oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, para que se lle remitan un mínimo de 2 candidatos/as por cada posto de traballo.

A oficina de emprego comunicará aos/ás candidatos/as o lugar, día e hora na que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar na data fixada para a entrevista a documentación que acredite os méritos que alegue o/a aspirante.

**Cuarta. Requisitos esixidos aos/ás candidatos/as.**

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes.

d) Non ter sido separado/a do servizo de calquera das Administracións Públicas en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

e) Ser desempleado/a e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

f) Non ser contratado no marco de programas de cooperación por un período superior aos nove meses nos tres últimos anos, contados dende a finalización do último contrato, de acordo co disposto no parágrafo segundo do artigo 12º.1 da Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo que literalmente di: "Con carácter xeral, os traballadores e traballadoras que, no marco dos programas previstos nesta orde, fosen contratados por un período superior a nove meses nos últimos tres anos, non poderán repetir a súa participación ata transcurridos tres anos contados desde o remate do último contrato subvencionado no dito marco".

### **Quinta. Funcións.**

As funcións a desempeñar polas persoas que resulten seleccionadas son as seguintes:

- Peón: a protección e o mantemento das zonas naturais e áreas recreativas existentes no municipio de Castro de Rei.
- Monitor/a deportivo/a: promoción do deporte a nivel municipal a través do ensino das diversas modalidades deportivas dirixidas a diversos colectivos (terceira idade, escolares,...)

### **Sexta. Tribunal de selección.**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por tres membros:

- Presidente/a.
- Secretario/a.
- 1 Vogal.

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por decreto do Sr. Alcalde, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á función convocada.

Os membros deste órgano deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 do mesmo texto legal.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia dos tres membros que o integran.

O órgano seleccionador resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan subscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nestas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola citada lei 30/1992, de 26 de novembro.

### **Sétima. Sistema de selección.**

O sistema de selección será o concurso de méritos.

### **Oitava. Baremo de méritos.**

Poderase obter ata un máximo de 10 puntos.

*2.1. Antigüidade como demandante de emprego inscrito na Oficina Pública de Emprego:* 0,10 puntos por cada mes completo en situación de desemprego total desde o último fin de contrato ata un máximo de 2 puntos.

*2.2. Cursos de formación en materias relacionadas co posto de traballo a cubrir:*

- De 0 a 49 horas lectivas: 0,10 puntos por cada curso ata un máximo de 1 punto.
- De 50 horas ou máis lectivas: 0,15 puntos por cada curso ata un máximo de 1 punto.

A puntuación máxima que cada aspirante poderá obter neste apartado será de 2 puntos.

*2.3. Experiencia profesional:*

*Experiencia profesional en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria, en calquera das Administracións Públicas ou outros entes públicos:* 0,50 puntos por cada 3 meses completos ata un máximo de 2,50 puntos.

*Experiencia profesional en postos de traballo da especialidade obxecto da convocatoria, en empresas privadas:* 0,25 puntos por cada 3 meses completos ata un máximo de 1,50 puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador/a por conta allea: copia compulsada dos contratos de traballo, acreditando a duración de cada contrato, así como por calquer outro medio que permita ter constancia fidedigna da dita experiencia profesional na categoría esixida nas presentes bases.

- No caso de traballadores/as autónomos: documentación acreditativa da experiencia profesional na que conste o epígrafe de cotización.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de 4 puntos.

*2.4. Entrevista persoal:*

Nesta entrevista preguntárase aos/ás candidatos/as sobre temas relacionados co posto a desempeñar, coa finalidade de apreciar o grao de dominio dos coñecementos e experiencia acreditados. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca.

A puntuación máxima que se poderá acadar neste apartado será de 2 puntos.

### **Novena. Modo de acreditación dos méritos.**

A documentación xustificativa dos méritos alegados por cada candidato/a deberase presentarse na data da entrevista.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no parágrafo anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal, nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data da realización da entrevista, computándose en calquera caso ata a citada data.

### **Décima. Cualificación final.**

A cualificación final virá determinada polas sumas das puntuacións obtidas no concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva dos aspirantes seleccionados.

No caso de empate acudirase ao establecido na instrución primeira da resolución do 18 de xuño de 2009 da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, en relación co artigo 8 da Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo.

### **Undécima. Proposta de selección.**

O/A presidente/a do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen superar o número de prazas convocadas. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Castro de Rei e na páxina web da entidade.

O Tribunal establecerá tamén a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados.

No caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma.

### **Duodécima. Resolución e contratación.**

Á vista da proposta do Tribunal, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

### **Décimo terceira. Normativa de aplicación.**

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

- Orde do 29 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas

da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro (DOG núm. 7, do 12 de xaneiro).

- Resolución do 18 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, pola que, no marco dos programas mixtos de formación e emprego, se establecen os criterios necesarios para que se poidan cumprir os obxectivos establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, no tocante aos colectivos prioritarios (DOG núm. 120, do 22 de xuño).
- Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de función pública de Galicia.
- Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Castro de Rei, 9 de novembro de 2009.

O ALCALDE

Asdo. Juan José Díaz Valiño.